

920	22203	Informáticas	8.000,00 €	8.227,01 €	16.227,01 €
920	22602	Publicidade e propaganda	2.000,00 €	2.039,21 €	4.039,21 €
920	22706	Estudos e traballos técnicos	15.000,00 €	7.525,16 €	22.525,16 €
920	22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	42.390,00 €	14.197,99 €	56.587,99 €
TOTAL			449.705,03 €	658.298,98 €	1.108.004,01€

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesouraría, nos seguintes termos:

Altas en Concepto de Ingresos					
Aplicación económica				Descrición	Importe
Cap.	Art.	Conc.	Subcon.		
8	87	870	870.00	Remanente de tesouraría para gastos xerais	658.298,98 €
				TOTAL INGRESOS	658.298,98 €

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171. 3 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Pol, 1 de xullo de 2024.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1989

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 28 de xuño de 2024, aprobáronse as bases para a renovación e incorporación de novo persoal na bolsa de emprego para postos de auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Pol. As bases reguladoras estarán expostas na páxina web e na sede electrónica do Concello de Pol e no taboleiro de anuncios. O prazo de presentación de solicitudes será de **5 días hábiles** a contar dende o seguinte ao da publicación do presente.

Pol, 1 de xullo de 2024.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1990

SARRIA

Anuncio

Aprobado inicialmente o expediente de modificación de créditos, de transferencia de crédito TC 10/2024 do Concello de Sarria, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 27 de xuño de 2024, en cumprimento do disposto nos artigos 179.4 e 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, o expediente expónse ao público na Intervención Xeral do Concello polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinalo e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

O expediente de modificación de créditos quedará definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo de exposición non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo dun mes para resolvelas.

O expediente de modificación de créditos definitivamente aprobado publicarase no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor coa súa publicación.